




PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

As Rías Baixas son sinónimo de cultura e gastronomía. Na provincia de Pontevedra cada localidade ofrécelle algo único e singular á ou ao visitante. Recomendámosche percorrer as distintas comarcas de Pontevedra da man destas doce rutas para descubrir a súa historia, a súa cultura e a súa gastronomía a través dos museos. En cada ruta descubrirás unha gran diversidade de paisaxes repletas de historias, nas que a beleza natural de praias, bosques ou montañas harmoniza cun rico patrimonio e con museos que desvelan os segredos desta terra.



- 01 Viño e lamprea - A Paradanta
- 02 Terra de fronteiras, auga e historia - O Condado
- 03 O sagrado na natureza e o control da paisaxe - O Baixo Miño
- 04 Puro Atlántico - O Baixo Miño e Vigo
- 05 Arte e cidade - Vigo
- 06 Un mar de historias - Vigo
- 07 Entre o mar e a terra - O Morrazo
- 08 Un tesouro artístico - Pontevedra
- 09 Do mar e do viño - O Salnés
- 10 Entre ríos e mananciais - Caldas
- 11 O campo, un mundo de riquezas - Tabeirós - Terra de Montes e Pontevedra
- 12 Terras do interior - Deza

MOMENTOS GASTRONÓMICOS

Algúns dos principais produtos gastronómicos dos que podes gozar ao longo desta ruta son o marisco e o peixe, as conservas, as patacas, a carne de tenreira, o mel, as nozes, os viños brancos e a auga mineral.

3 Festa do Ourizo (Oia)

Festa que promociona o ourizo de mar que ten lugar na localidade de Oia no mes de abril. Degústanse ourizos de mar, extraídos das costas de Oia, crus, cocidos ou á brasa e acompañados de pan de millo e viño do país.

13 Festa do Choco (Redondela)

Festa de Interese Turístico de Galicia que ten lugar durante a primeira quincena de maio para promocionar o choco, elaborado segundo distintas receitas: desde as máis tradicionais, coma a empanada ou o arroz con chocos, ata algunhas máis innovadoras, coma os chocos con *fabes*.

ENCLAVES NATURAIS

4 Serra da Grova

Montes rochosos xunto á costa cubertos de magueira baixa, con piñeiros e carballos nos vales. Esténdese polas poboacións de Tomiño, A Guarda, Oia, Baiona e Gondomar, con puntos coma o monte Lousado, o Alto da Grova ou A Pedra da Gata, que ofrecen vistas panorámicas de gran beleza.

5 Cabo e faro Silleiro (Baiona)

É un enclave único e estratéxico no que se construíu un faro en 1862 que tivo que trasladarse no ano 1924 a unha posición máis elevada. No lugar tamén se conservan baterías militares e sábese que no ano 1949 naufragou alí o navío Thalassa, con pasaxeiros que fuxían da Segunda Guerra Mundial.



Empanada de choco (Redondela)




Degustación de chocos (Redondela)



Castro da Cabeciña (Oia)



Cabo e faro Silleiro (Baiona)



PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA



Accede a máis información

Atrévete a vivir novas experiencias a través de doce rutas. Empezarás unha viaxe cara ao máis esencial da provincia de Pontevedra: a súa historia, a súa cultura, a súa paisaxe e a súa gastronomía.

<https://turismoriasbaixas.com/gl/hambre-de-experiencias>

PROVINCIA DE PONTEVEDRA, AS RÍAS BAIXAS SABOREA OS SEUS MUSEOS, PASEA POLA SÚA GASTRONOMÍA

RUTA 04 O Baixo Miño e Vigo

PURO ATLÁNTICO



Castro da Cabeciña (Oia)



SABOREA AS COMARCAS DO BAIXO MIÑO E VIGO

PURO ATLÁNTICO

Mergúllate no puro Atlántico percorrendo as poboacións de Redondela, Nigrán, Baiona e Oia. A ría de Vigo é un anaco de Atlántico que entra na terra e crea recunchos, enseadas, baías e fondeadoiros. É un paraíso natural, con fermosas illas coma as Cíes, un espazo de alto valor ecolóxico con augas cristalinas e praias de area fina que, grazas ás súas montañas, protexe a ría das furiosas tormentas atlánticas. A calma marítima da ría favorece a instalación de bateas para a produción de mexillóns e outros mariscos, un tesouro gastronómico que marida á perfección cos excelentes viños da D. O. Rías Baixas.

A ría de Vigo tamén está repleta de historias. A súa posición estratéxica motivou que a vixilancia do litoral fose un labor imprescindible na Idade do Ferro, co establecemento de castros aliñados e estratéxicamente situados na liña de costa, e tamén en épocas máis recentes, coa construción do castelo de Monterreal, que protexe a entrada á ría, ou do mosteiro de Oia, un cenobio fortificado xunto ao mar.

Ademais, o océano Atlántico foi o camiño de retorno de arriscadas expedicións e de valentes mariñeiros. Testemuño diso é a Casa da Navegación, en Baiona, que relata feitos históricos tan relevantes coma o de ser o primeiro lugar europeo que recibiu a noticia do Descubrimiento de América. A ría foi tamén porta de entrada de saqueos ou invasións, coma a famosa batalla naval de Rande en 1702, na que unha expedición anglo-holandesa saqueou a ría de Vigo.




Mosteiro de Santa María de Oia



Illa de San Simón (Redondela)



Fortaleza de Monterreal (Baiona)



- 1 - Redondela
- 2 - Nigrán
- 3 - Baiona
- 4 - Oia



Templo Votivo do Mar (Nigrán)




Paseo do Monte Boi (Baiona)



Esteiro da Foz (Baiona)

RU TA 04 O Baixo Miño e Vigo

PURO ATLÁNTICO



MUSEOS

8 Casa da Navegación

Situada na Casa Carvajal, mostra a evolución histórica, urbana e social da Real Vila de Baiona, así coma o protagonismo do seu porto nas rutas de navegación atlántica. Unha das pezas expostas de máis interese é a reprodución da carabela Pinta, que, no ano 1493,

chegou ao porto de Baiona procedente de América.

R/ Ventura Misa, 17, 36300 Baiona
T +34 986 356 688 W www.baiona.org

9 Museo da Carabela Pinta

Réplica da embarcación que permanece amarrada no porto de Baiona. No seu interior pódense descubrir detalles sobre a tripulación e sobre a carga que chegou a este porto no ano 1493: metais, plantas, alimentos, animais exóticos...

Pantalán del Paseo Alfonso IX, 36300 Baiona
T + 34 986 68 70 67 W www.turismodebaiona.com

12 Meirande. Centro de Interpretación da Batalla e do Patrimonio de Rande

Situado nunha antiga fábrica conserveira, mostra o patrimonio asociado coa ría de Vigo. A recreación de varias batallas, especialmente a de Rande en 1702, reforza a importancia estratéxica da ría.

Fábrica del Alemán, s/n, Chapelá, 36812 Redondela
T +34 986 458 891 W www.turismoredondela.es

OUTROS PUNTOS DE INTERESE

1 Monasterio de Santa María de Oia

Construíuse no século XII en primeira liña de costa. As continuas reformas achegaron ao conxunto elementos arquitectónicos románicos, góticos e barrocos. Destaca o seu carácter fortificado, pois no século XVI foi lugar de defensa da costa e refuxio de barcos.

2 Castro da Cabeciña (Oia)

Poboado rodeado dunha muralla monumental situado nun outeiro desde a que se obtén un importante control sobre o Atlántico. No exterior da muralla pódense ver varios gravados rupestres con combinacións circulares incompletas engarzadas unhas con outras.

6 Conxunto histórico-artístico de Baiona

Percorrendo as súas empedradas rúas descóbrense casaróns señoriais o cruceiro da Trindade, do século XV, ou a excolexiata de Santa María, construída no século XIII. A Fortaleza de Monterreal, situada no porto de Baiona, atópase rodeada polo Paseo do Monte Boi.

7 Festa da Arribada (Baiona)

Festa de Interese Turístico Internacional que ten lugar a primeira fin de semana de marzo e na que se conmemora a chegada da carabela Pinta a Baiona no ano 1493, a primeira noticia que se tivo do Descubrimiento de América. A festa enche as rúas de música, mercados e actividades. Escenifícase o relato que Martín Alonso Pinzón lle transmitiu ao corrixidor de Baiona.

10 Arco de San Xoán de Panxón (Nigrán)

Arco de ferradura, un dos poucos exemplos de arte prerrománico en Galicia que debeu de pertencer a un templo do século X que non se conservou.

11 Templo Votivo do Mar (Nigrán)

Deseño en granito do arquitecto Antonio Palacios edificado entre 1932 e 1937 e consagrado á Virxe do Carmen. Nel mestúranse notas arquitectónicas de inspiración gótica, modernista e mesmo musulmá.

14 Monte da Peneda - castelo de Castrizán (Redondela e Soutomaior)

Montículo que, preto do río Verdugo, ofrece un dominio visual excepcional da entrada da ría de Vigo, das súas ribeiras e mesmo das illas Cíes. Achouse a necrópole megalítica de Cortello dos Mouros e a Mámoa do Rei. Foi ocupado por un castro da Idade do Ferro e, no ano 1477, o bispo de Santiago, Alonso Fonseca, construíu un castelo. Posteriormente, na súa cima construíuse unha ermida dedicada á virxe da Peneda.

15 Illa de San Simón (Redondela)

Situada no extremo interior da ría de Vigo, agora deshabitada, foi declarada espazo protexido e foi escenario de sucesivos ataques piratas e batallas. Foi ocupada por un mosteiro en época medieval, por un lazareto no século XIX e por unha prisión durante o franquismo. Actualmente acolle un centro de recuperación da memoria histórica.



Templo Votivo do Mar e Arco de San Xoán de Panxón (Nigrán)



Meirande (Redondela)



Fortaleza de Monterreal (Baiona)